



Luis Pérez Barral, concelleiro do BNG no concello de Ribeira, presento a  
**MOCIÓN A PROL DOS DEREITOS DAS PERSOAS LESBIANAS, GAIS, BISEXUAIS E  
TRANSEXUAIS**

---

## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 28 de xuño é o Día Internacional da Liberación LGBT (lesbianas, gais, bisexuais e transexuais) data en que cada ano os colectivos LGTB conmemoran os disturbios de Stonewall (New York, 1969), que marcan o inicio do movemento de liberación homosexual, unha loita social que reivindica a dignidade e a igualdade das persoas, sexa cal for a súa orientación ou identidade sexual.

Con motivo do Día internacional polos dereitos das persoas lésbicas, gais, bisexuais e transexuais, é preciso que as institucións democráticas manifesten o seu apoio ás reivindicacións da comunidade LGBT. Cando falta aínda por conquistar unha igualdade real e unha normalización social, observamos con alarma o cuestionamento de todo aquilo que se afaste do modelo heteropatriarcal e que combata un sistema que criminaliza a diversidade e a liberdade para decidir. É por iso que o apoio social e institucional ao recoñecemento que propón o movemento LGBT debe ser máis forte aínda neste contexto particular, cunha profunda involución democrática e co ataque constante por parte dos gobernos do PP aos dereitos conseguidos tras décadas de loita. Nesta, como noutras cuestións, non podemos retroceder nin consentir que nos devolvan á invisibilización doutrora e a espazos dominados pola hipocrisía e a dupla moral.

Cómpre tamén manifestar a necesidade de actuar a medio e longo prazo a través dun ensino laico no combate contra a discriminación por orientación ou identidade sexual que proclama, fundamentalmente no contexto en que nos inserimos, a Igrexa católica, especialmente reforzada nas últimas leis aprobadas polo PP. Denunciamos, neste sentido, o retroceso a outras etapas que pode supor a LOMCE, unha lei totalmente confesional que reforza de maneira escandalosa a presenza da relixión no ensino.

O compromiso coa consecución da igualdade a todos os efectos das persoas LGBT non debe consistir só na adhesión e apoio pasivo ás reivindicacións destes colectivos, senón que sería unha falta de responsabilidade política cara ao conxunto da cidadanía non actuar implementando medidas activas que persigan o fin da discriminación pola orientación sexual, cos obxectivos de educación na igualdade e no respecto e a posta en valor da diversidade, no apoio as persoas vítimas de discriminación, na colaboración coas asociacións LGBT etc, con fin de conseguir unha sociedade máis xusta, baseada no respecto e na igualdade de todas as persoas.

Na sociedade actual, a homofobia continúa a existir como manifestación cruel e discriminatoria. Asemade, hai ámbitos onde os dereitos das persoas LGBT non están plenamente equiparados aos do resto da cidadanía.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

### **ACORDO**

- 1. Instamos do Goberno da Xunta de Galiza que garanta o dereito á protección da saúde das persoas transexuais, incluíndo o tratamento clínico integral de reasignación de sexo no catálogo de prestacións sanitarias do Servizo Galego de Saúde.**
- 2. Instamos ao Goberno da Xunta a promover un ensino laico e de calidade que facilite un contorno seguro en que os fillos e as fillas de parellas homoparentais poidan vivir abertamente a súa realidade familiar, incidindo no respecto a diversidade desde o ensino público.**
- 3. Manifestamos o compromiso do noso Concello a contribuír á integración e á normalización da comunidade LGBT, para garantir o dereito de todas as persoas a seren tratadas con respecto independentemente da súa orientación ou identidade sexual.**
- 4. Que o Concello de Ribeira mostre o seu compromiso facendo unha declaración institucional o día 28 de xuño en apoio ás persoas lesbianas, gais, transexuais e bisexuais.**
- 5. Que o Concello de Ribeira estableza un plan de educación afectivo-sexual que sirva para normalizar a diversidade sexual e contribúa á eliminación de prexuízos existentes.**

Ribeira, xuño de 2013

Asdo. Luís Pérez Barral